



## Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local  
Expediente 793-1102

### RESOLUCIÓN CONTINUIDADE FUNCIONAMENTO SESIÓNS XUNTA DE GOBERNO LOCAL (DA3ª RD 463/2020)

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, contempla na súa Disposición Adicional Terceira, como regra xeral, a suspensión automática da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedimentos das entidades do sector público.

Nembargantes, tal e como se recolle en informe da Secretaría do Goberno Local e nota explicativa publicada na Intranet municipal, a dita suspensión, no ámbito municipal, pode excepcionarse nos seguintes supostos:

- 1.1. Medidas de ordeación e instrucción estritamente necesarias para evitar perxuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifieste a súa conformidade
- 1.2. Cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo
- 1.3. Continuación daqueles procedimentos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma,
- 1.4. Continuación daqueles procedimentos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

De conformidade con ditas excepcións resultará preciso que o Concello de Vigo continúe con determinados procedimentos en garantía do interese xeral, para o funcionamento básico dos servizos, ou en situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, sen perxuízo daqueles nos que se recabe o consentimento do interesado, tramitación que en moitos casos requirirá da adopción de acordo pola Xunta de Goberno, dada a súa natureza de órgano executivo e as competencias atribuídas á mesa polo disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como as que exerce por delegación desta Alcaldía, resulta preciso garantir o seu funcionamento, tanto en réxime de sesións ordinarias, como extraordinarias e extraordinarias e urxentes .

Polo exposto, e considerando a esixencia legal contemplada na citada Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020 de dictar acordo expreso motivando a concorrencia de dita excepcionalidade, en exercizo das competencias legalmente atribuídas a esta Alcaldía, en particular, en relación co disposto no artigo 124.4 d) da citada Lei 7/1985,



Copia auténtica - Concello de Vigo	Data impresión: 23/03/2020 19:22	Páxina 1 de 2
Expediente 793/1102	CSV: 2FEAEE-31C53E-BCEF81-EWYKDF-RZ2GMU-1E	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Manter os procedimentos de convocatoria e celebración de sesións da Xunta de Goberno Local, tanto en réxime de sesións ordinarias, como extraordinarias e extraordinarias e urxentes, en relación cos procedimentos excepcionados da suspensión de termos e prazos do Real Decreto 463/2020.

**Segundo.-** Dar traslado da presente resolución ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e aos responsables dos áreas e servizos administrativos para o seu coñecemento e efectos.

**Terceiro.-** Dar publicidade á presente resolución na Intranet municipal.

CCA

O ALCALDE, Abel Caballero Álvarez.

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL, M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña



Copia auténtica - Concello de Vigo

Data impresión: 23/03/2020 19:22

Páxina 2 de 2

Expediente 793/1102

CSV: 2FEAEE-31C53E-BCEF81-EWYKDF-RZ2GMU-1E

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>